



## A nena e o grilo

Un espectáculo grande para xente miúda

Pódese medrar a través de cancións e imaxes? O espectáculo *A nena e o grilo* de Magín Blanco –cos seus amigos -fainos, sen dúbida, un anaco máis grandes. Música do século XXI con tintes de pop, rock, reggae ou bossa nova, relatos que nos falan de que podemos aspirar a un mundo mellor, imaxes que nos achegan ás novas linguaxes. Para saír cuns centímetros de máis, mesmo que sexa en doses de ilusión, creatividade e imaxinación. E tamén, como non, un chisco máis felices.

Que Magín Blanco proceda do pop e se achegue agora por vez primeira a un público “sen límite de idade” dálle, certamente, un ar fresco a un espectáculo pensado tamén para os máis cativos. O ex da banda La Rosa ve agora como parte do seu público merma en idade pero conserva, intactos, o criterio e a esixencia. Para a xente miúda fai un espectáculo grande e resolve no escenario con achegas de enerxía, calidade e emocións.

A que soa *A nena e o grilo*? A pop, a rock, a música de autor pero tamén a beliscos de folk, reggae ou bossa nova, sons que todos os que participan no proxecto viven dalgún xeito e aos que o novo público comeza a achegarse nestes os seus primeiros concertos.

E que conta *A nena e o grilo*? Contos a través de cancións ao fío da amizade dunha nena e un grilo. Os dous personaxes descóbrennos emocións e sentimentos, apréndennos a vivir, e fan que nos mergullemos nun universo máxico e ilusionante. Historias para nenos e nenas de todas as idades, para aprender, ser e sentir, para convencernos de que podemos crear outra realidade. Móstrannos un país aberto e sen fronteiras, no que se reclama o dereito de todos e todas a ser felices. Neste mundo da nena e o grilo, o coidado da natureza, a liberdade, a igualdade, a solidariedade, a amizade ou o respecto ás distintas identidades son o ar que se respira. Para aprender mentres xogamos, para saber mentres cantamos.

E que pasa en *A nena e o grilo*? Pasa que todos os públicos se divirten, xogan cantando, entretéñense, aprenden, tiran fóra os prexuízos, achéganse á música de forma participativa, ilusiónanse con que a vida está chea de facetas creativas e comunicanse. Tamén acontece que os máis cativos adéntranse na música, a literatura e a arte pasándoo en grande e sentíndose grandes nun universo de pequenos. Magín demostra tamén que os nenos e nenas son públicos esixentes, que viven no seu tempo e saben responder cando se lles ofrece un traballo serio e coidado. Estamos nin máis nin menos que diante dos primeiros concertos do público do século XXI. E iso son palabras maiores!

*A nena e o grilo* chega aos escenarios despois de ser presentado en libro-CD por parte da editorial OOO na súa colección Qson. Para dar luz a este traballo de tantas dimensións creativas, Magín Blanco contou coa produción musical de Uxía Senlle, as fantásticas ilustracións de Iván Prieto, e a participación de coñecidos músicos e músicas como Guadi Galego, Uxía Pedreira, Fred Martins ou Traci Dávila, amais dun coro infantil.

Un estilo actual e contemporáneo para un produto concibido para todas as idades, que gusta aos nenos e nenas grandes e aos grandes nenos e nenas. Un novo xeito de contar e cantar que ben se pode descubrir a curta idade, pero co que se viaxará ao longo de toda a vida.

#### | Componentes |

Magín Blanco \_ voz, guitarra

Sergio Sales \_ teclado, acordeón

Sergio Tannus \_ guitarra, baixo

Xoán Curiel \_ actor, voz

Charo Pita \_ actriz, voz

#### | Discografía |

##### *A nena e o grilo* (2010)

*Libro-CD editado por OOO editora. Un mosaico de textos, cancións e debuxos conforman este volume no que o coñecido compositor Magín Blanco se encarga de encaixar todas as pezas. Mais o músico ourensán non está só, nesta aventura acompañano as carismáticas e persoalísimas voces de Uxía, Fred Martins, Guadi Galego, Uxía Pedreira... e ata un coro de nenos. Eles poñen a música, e Iván Prieto, as imaxes.*

#### | Ligazóns |

Myspace: <http://www.myspace.com/anenaegrilo>

Videoclip Eu falo así: <http://www.youtube.com/watch?v=qOP0GefSZu8>

Video de promo: [http://www.youtube.com/watch?v=nVBOVajOV\\_4](http://www.youtube.com/watch?v=nVBOVajOV_4)

Web: <http://www.nonsi.es/nena.html>